

COLE NOVO: SETEMBRO 2014 ??



Acto informativo e de debate

Lei WERT (LOMCE)

A cargo de: **María Rei Vilas**

- DEA pola UDC Didáctica e Organización Escolar.
- Membro da Fed. de ANPAS da Costa da Morte

Salón **Azul** do Liceo
Concello de Betanzos

Sábado 16 Marzo
18:00h

Dirixido a toda a comunidade educativa

Organiza:

ANPA
O Carregal



anpaocarregal@gmail.com


ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do
CEIP Fco. Vales Villamarín
anpabrigantium@gmail.com

Boletín para os pais/nais

Marzo 2013

COLE NOVO
QUE NON NOS ESCAPE !



ANPA Brigantium

FOLLA DE RUTA XA

Cole en Setembro 2014

SI ou SI

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN

Cole novo : FOLLA DE RUTA XA Setembro 2014 : SI ou SI

O ANPA liderou unha campaña para denunciar a **situación terminal do noso colexio** que recibiu apoios de todos os sectores da sociedade e que culminou nunha solta de globos na praza de Sto. Domingo onde acudiron **masivamente os Betanceiros** para mostrar o seu apoio ao cole novo.

A sociedade de Betanzos **falou alto e claro:** **COLE NOVO XA, non máis escusas**

Grazas á presión **exercida entre todos** a concellería de educación e cultura da Xunta **comprometeuse en incrementar** con remanentes ata 900.000 € a partida inicialmente prevista e de **licitar a obra do colexio** durante o mes de marzo.

Este importante paso **garante que as obras** se iniciarán este ano pero non deixa de ser un simple paso máis nun **longo camiño** que aínda nos espera. Non esquezamos que o total da obra **ascende a 3.500.000 €** e non nos faltan exemplos de obras públicas que se **alongan no tempo**.

Por iso e ante **a situación límite** que sofre o noso colexio reclamamos que se **entregue unha folla de ruta** onde se detallen **os pasos necesarios**, coas súas **correspondentes datas**, para garantir o pleno **funcionamento do colexio en Setembro do 2014**.

A licenza de obra **xa está concedida** polo que só falta que entren a traballar as máquinas. Tomando en conta que os **propios técnicos da Xunta** estiman a duración da obra nun máximo de 12 meses que o colexio estea totalmente operativo en **Setembro do 2014 é totalmente factible** e imprescindible ante a situación extrema que vive o noso colexio.

FOLLA DE RUTA : Cole en Setembro 2014

CONCURSO: DESEÑA UNHA XOIA PARA A TÚA NAI

O **Colexio Profesional de Xoiaría**, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia organiza o **IV Certame de Deseño Escolar “Deseña unha Xoia para a túa Nai”**. Esta iniciativa pretende impulsar a expresión artística dos nenos/as e espertar a súa curiosidade polo mundo do deseño, así como achegar á sociedade unha profesión de gran arraigo e tradición en Galicia.

Poden participar **tódolos nenos/as de 0 a 12 anos** que estean escolarizados en Galicia. Os interesados podeades consultar as bases completas na páxina **www.coxga.es** e descargar na mesma os dísticos de participación para a presentación dos deseños que **remata o 25 de Marzo de 2013**. Os gañadores verán o seu deseño feito realidade e terán un agasallo único e especial para a súa nai. Ese é o premio deste orixinal concurso. **Animade ós vosos pequenos artistas** a participar, seguro que as súas ideas vos sorprenderán.

Este mes sumáse á iniciativa de facer descontos aos socios da ANPA o seguinte comercio:



Grupo Suárez peluqueros :

- Desconto do 20% en tratamentos estética
- Desconto do 10% en peluquería

O único requisito para acceder ao desconto é identificarse a través do carné de socio

Xa son **case 20 tendas** as que ofrecen importantes **descontos aos nosos socios** (Consulta todas as tendas e os descontos ofertados no blog da ANPA)

DetecTIVES Brigantium.

DETECTIVES RESPONSABLES,...

Un dos piares centrais do Proxecto **DetecTIVES Brigantium** é o do/a Detective Responsable de aula, é dicir, que se presenten no maior número posible de clases **pais/nais voluntarios** para organizar a saída dos Detectives da clase do seu fillo/a.

Este é **requisito previo** para enriquecer a vida lectiva, convertendo ao menos un tema ou concepto consensuado co titor ou titora e traballado na aula, nunha experiencia colectiva divertida e **capaz de socializar** aos nenos e nenas e ao conxunto das familias na importancia do coñecemento que transmite a escola.

Xa hai dous Detectives Responsables:

Así a clase de 1ªA de Primaria fará unha saída o **domingo 7 de abril** ao espazo natural de Chelo baixo o título de **“As plantas e árbores do Río Mandeo”**.

E a clase de 5ªB de Infantil fará unha saída o **domingo 14 de abril** a un lugar público para elaborar un mural sobre papel baixo o título de **“A Pintura de Paul Klee”**.



Se **queres organizar unha saída** de Detectives Brigantium da aula do teu fillo ou filla, é simple , non tes máis **que enviar un e-mail** a anpabrigantium@gmail.com, e a ANPA porase en contacto contigo e proporcionarache a axuda precisa.ANIMÁDEVOS.